

FEBREIRO
2024



A "VELLA CORESMA"



Estamos vivindo o tempo de coresma, e a nosa andaina como cristiáns está a realizarse coa vivencia de cinco semanas coa compañía desta dona Coresma. Ela está a indicarnos os pasos que temos que dar para poder chegar a vivir con Xesús a súa Pascua, porque hai cousas que sobran, e cada semana, da man de Xesús, estamos descubrindo o que necesitamos arrincar da nosa vida.

Arrincando cada unha das pernas que sobra estamos a atopar tamén un pequeno remendo que nos poderá axudar a facelo mellor para chegar a Pascua. Vivímolo cada domingo.

ATENCIÓN DE CÁRITAS

Dende cáritas de Os Cotos, se podemos, axudamos a quen nos pida unha man. Estamos no local da casa reitoral de Fornelos os xoves día 8 e 22 de dez a doce da mañá.



"Canto pesa unha pluma"

"Miguel era un dos poucos habitantes da pequena rexión de "Os cotos". No inverno, os días escurecíanse cedo e os negros pensamentos de Miguel amencían co ocaso. "Non o soporto máis", rumoreaba mentres emprendía o camiño cara ao mosteiro. Rancor, Rabia, Culpa e Ira acompañábano desde facía moito tempo, como inseparables compañeiros de viaxe.

- Que che preocupa?, preguntoulle o monxe cando Miguel lle pediu axuda.

- Ultimamente síntome moi canso. Penso moito, sobre todo no pasado. O monxe rebuscou nos caixóns do escritorio e tendeu unha antiga pluma de tinteiro.

- Canto crees que pesa esta pluma?, preguntoulle.

Miguel meditou por un momento, e dixo: dous gramos. Entón o monxe pediulle que, así como estaba co seu brazo estendido, sostivese a pluma un intre máis, mentres el ía buscar o libro que indicaba o seu peso exacto.

O rapaz, despois de cinco minutos, pensaba que quizais a pluma pesaba algo máis. Pasados vinte, o brazo doíalle considerablemente.

Cando o monxe volveu despois de media hora, Miguel estaba a piques de renderse. "Non podo máis", rumoreaba. O monxe sentou fronte a el e preguntoulle de novo:

- Canto crees que pesa esta pluma?. O rapaz dixo: ao principio, crín que non pesaba apenas uns dous gramos. Pasado un intre, o seu peso pareceu triplicarse e, antes de que chegases, antollábaseme como un anaco de chumbo.

- Querido meu, as emocións negativas son como esta pluma: se só as experimentas e as soltas, non pesan practicamente nada. En cambio, se as sostés durante moito tempo, acabas por sentilas como unha laxe sobre o teu corazón. O rapaz percorreu o camiño de regreso a paso rápido, lixeiro como unha pluma... Ou bastante menos."

Adiviñas: Agrío é o sabor, dura a súa pel
e si o tomas esprémelo ben?

Teño agullas e non sei coser,
teño números e non sei ler?

SANTO PARA O MES, en febreiro, o día 25: VALERIO

Nome de orixe latina derivado do verbo "valeo, valere", que significa ter forza, estar forte, estar san.

San Valerio do Bierzo, no século VII, foi un home solitario natural de Astorga e falecido en San Pedro de Montes. Pasou máis de corenta anos de soidade como ermitán en O Bierzo. A súa vida, lendaria, parece unha réplica da de San Antonio.



"Se axudo a unha soa persoa
a ter esperanza,
non vivín en van".

Martín Luther King



14 de febreiro



14 de febreiro do 2024 mércores de Cinza

O mércores de cinza marca o inicio dos 40 días de Coresma, nos que nos preparamos para vivir os misterios da Paixón, Morte e Resurrección de Cristo na Semana Santa.



O rito de imposición das cinzas pode ser recibido por calquera persoa.

Ao impor as cinzas, o sacerdote expresa algunhas das frases extraídas das sagradas Escrituras:

Convertédevos e crede no Evanxeo (Mc. 1,15)

Acórdate de que es po e ao po volverás (Xen 3,19)

A imposición da cinza xurdiu nos primeiros séculos do Cristianismo. No século IV determinouse a duración da Coresma en 40 días. Comezando seis semanas antes da Pascua.

14 de febreiro mércores San Valentín

Polas obras realizadas por San Valentín de Roma, relacionadas co concepto do amor e a afectividade, celébrase o día dos "namorados".

San Valentín casaba a soldados con súas prometidas nas celdas das cárceres do imperio nos tempos no que o cristianismo foi prohibido por Claudio II.

Ao descubrir os votos matrimoniais que realizaba, mandou capturalo para que escusarse, pero pola influencia dos outros altos funcionarios mandouno decapitar.



O Papa Francisco:

A guerra é un crime contra a humanidade, hai que educar na paz



“Non esquezamos a quen sofren a crueldade da guerra en moitas partes do mundo, especialmente en Ucraia, Palestina e Israel”.

“Oremos por quen ten poder sobre estes conflitos, para que reflexionen sobre o feito de que a guerra non é o camiño para resolvelos, porque sementa morte entre civís e destrúe cidades e infraestruturas. Noutras palabras, hoxe a guerra é en si mesma un crime contra a humanidade.”.

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE FEBREIRO

DÍA 4	LECTURA	1 Cor 9, 16-19. 22-23	Pobre de min se non predico o evanxeo
	EVANXEO	Mc 1, 29-34	Xesús achégase aos enfermos
DÍA 11	LECTURA	1 Cor 10, 31 - 11, 1	Procurade imitar a Cristo
	EVANXEO	Mc 1, 40-45	Xesús alongou a man e tocou ao leproso
DÍA 18	LECTURA	Xen 9, 8-15	Deus fai alianza co pobo
	EVANXEO	Mc 1, 12-15	O tempo está cumprido, crede na Boa Nova
DÍA 25	LECTURA	Rm 8, 31b-34	Deus está con nós
	EVANXEO	Mc 9, 2-10	Xesús presentado por Deus como o seu Fillo